


o galego
medra connosco
nós medramos
co galego



21 de febreiro

DÍA INTERNACIONAL DA LINGUA MATERNA

O Día Internacional da Lingua Materna, instituído pola Unesco no ano 1999, convida a contemplar a diversidade lingüística humana coma unha vantaxe que contribúe tanto á riqueza cultural coma ao desenvolvemento dos pobos.

A contribución de Galicia a esa diversidade lingüística é o seu idioma propio, a lingua orixinaria e exclusiva desta terra: o galego.

A Rede de Dinamización Lingüística, á que pertence o Concello do Grove, anima as familias e os educadores a transmitiren a lingua galega desde a primeira infancia, impregnada da calor e do agarimo da casa.

Na primeira infancia –da man dos nosos pais e mestres– aprendemos a realidade que nos rodea a través do filtro do idioma e da cultura, que, unidos, comporán e constituirán a nosa personalidade, a nosa identidade ante o mundo que nos rodea.

Quen teña como primeira lingua o galego ben pode, de feito, gabarse del, pois non hai idiomas pequenos nin insignificantes, todos son un tesouro a través do que podemos expresar os nosos pensamentos e sentimentos. As familias galegofalantes non deben ter medo de educaren os meniños na lingua coa que máis intimamente se poderán comunicar con pais e avós.

Mais valorar e defender o propio non exclúe o respecto e o interese polo resto. O galego non será un impedimento, senón unha base segura, para aprender outras linguas, coma o castelán ou o inglés. Asemade, as familias que non falen habitualmente o idioma propio de Galicia tamén poden contribuír a defender a lingua que é patrimonio de todos os galegos cunha actitude positiva cara a ela e cara á súa promoción.

Así pois, o Concello do Grove, como membro da Rede de Dinamización Lingüística, súmase á Xunta de Galicia, á Unesco e ao resto dos organismos que promoven ou apoian o Día Internacional da Lingua Materna, coa satisfacción e o compromiso de achegar o seu traballo a prol dun idioma de futuro e da diversidade lingüística mundial.

O Grove, febreiro de 2013
